

Martes, 25 de xuño de 2019

Núm. 120

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME*

ANUNCIO

O día 22 de xaneiro de 2019 publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra nº 15 o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, adoptado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal levada a cabo o día 19 de decembro de 2017.

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, rematado o prazo de exposición pública sen presentarse ningunha alegación ou reclamación a esta, considérase aprobada definitivamente, quedando redactada da seguinte maneira:

“ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a participación como aspirantes en probas selectivas de acceso ou de promoción ós corpos e escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral fixo convocadas polo concello de Ponteareas, así como a participación en probas selectivas para a cobertura en réxime laboral interino das prazas convocadas por este Concello.

Non obstante, non constitúe o feito impoñible desta taxa, e polo tanto non estarán suxeitas ó disposto nesta ordenanza reguladora, as solicitudes de participación en probas selectivas para a cobertura de postos de traballo temporal no concello que teñan unha duración inicial prevista inferior a un ano.

Disposición derradeira:

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación definitiva polo Pleno da Corporación Local.”

RECURSOS. Contra o presente acordo os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

